



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

CERTIFICACIÓN

Baldomero Beceiro Alonso, SECRETARIO-INTERVENTOR DO CONCELLO DE MONFERO

CERTIFICO:

Que o día 21-05-2024, ditouse a Resolución de Alcaldía/Presidencia 166/2024 cuxo contido deseguido transcribo:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: Contratación de Servicios: SERVIZO CONTROL DE CALIDADE EXTERNO OBRAS POS+ ADICIONAL2b/2023, POS+ 2024 e PLAN MELLORA CAMIÑOS MUINICIPAIS 2024/2025

EXPEDIENTE: 2024/G003/000170

ANTECEDENTES:

Logo de ver a documentación do expediente 2024/C004/000001 (prego de cláusulas administrativas, de prescricións técnicas, informes e demais) e sendo necesario, e ademais obrigatorio neste caso, contratar un control de calidade a unha empresa especializada para as obras financiadas pola Deputación Provincial, incluídas no plan POS+Adicional 2b/2023, POS+ 2024 e as financiadas por Agader a través do Plan Mellora camiños municipais acceso a parcelas agrícolas 2024/2025, e, á vista das características do contrato considerase que o procedemento aberto simplificado é o máis adecuado para efectuar a selección do contratista da forma máis acertada e vantaxosa na procura da mellor relación calidade-prezo.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO:**

1.-Xustificar a necesidade de contratar o servizo de control de calidade das obras do Concello de Monfero, definido no prego de prescricións técnicas elaborado polo arquitecto contratado para o efecto, D. Antonio López Rodríguez, cun orzamento de 2.579,50€ sen IVE e 3.121,19€ co IVE incluído, motivándoo, ademais da obrigatoriedade de realizado que establece a Deputación/Xunta como órgano delegante, na necesidade de controlar tecnicamente as obras para prestar á veciñanza os servizos derivados delas nas mellores condicións.

2.- Dividir o contrato nos seguintes lotes:

LOTE1: PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DE ACCESO A PARCELAS AGRÍCOLAS 2024-2025. ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑOS EN ALTO XESTOSO (DE GRAÑA A PORTOMUROS E DE PORTOMUROS A MUROS). IMPORTE PROXECTO 101.866,27€ PEM 70.745,38€

LOTE2: POS+ 2024. MELLORA CAPA RODADURA CAMIÑOS DAS PARROQUIAS DE VAL XESTOSO, VILACHA E SAN FIZ. IMPORTE PROXECTO 223.725,61€ PEM 155.375,80€

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

LOTE 3: POS+ ADICIONAL 2/2023 OBRA 3: ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑO NA ACEA MEDIANTE FORMACIÓN ESCOLLERA, PARROQUIA DE SAN FIZ. IMPORTE PROXECTO 45.832,15€ PEM 31.830,090€

- 3.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que haberán de rexer a contratación de dito servizo mediante procedemento aberto simplificado, anexos e prego de prescricións técnicas.
- 4.- Aprobar o expediente de contratación do devandito servizo.
- 5.- Proceder a súa contratación utilizando o procedemento aberto, establecido como de utilización ordinaria, xunto co restrinxido, polo artigo 131.2 da LCSP, neste caso simplificado por encontrarse dentro dos límites do artigo 159.1 da dita norma, utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación de apreciación automática en base á mellor relación calidade-prezo para a súa adxudicación.
- 6.- Dispoñer a apertura do procedemento convocándoo mediante a publicación de anuncio no perfil do contratante do Estado (<https://contratacióndelestado.es>), no que tamén se publicaran íntegros os pregos de cláusulas administrativas particulares, anexos, memoria xustificativa do contrato, prego de prescricións técnicas e certificación da presente resolución. O prazo de presentación das ofertas polos licitadores será de 15 días naturais a contar desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no perfil do contratante.
- 7.- Aprobar o gasto correspondente, autorizándoo con cargo a aplicación orzamentaria 920.22706
- 8.- Actuará como mesa de contratación a Mesa de Contratación Permanente do Concello de Monfero.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico polo alcalde (Asinado para os efectos exclusivamente do artigo 3.2 do R. D. 128/2018, do 16 de marzo, e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)

O Alcalde/Presidente
Andrés Feal Varela

O Secretario
Baldomero Beceiro Alonso

Para que conste, asino a presente certificación co visto e praxe do Alcalde/Presidente.

O Secretario

O Alcalde/Presidente